

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 19 de xuño de 2026**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e cincuenta e dous minutos do día 19 de xuño do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *María Beatriz del Cerro del Río*, Secretaria Xeral, e está presente a Viceinterventora, *Susana Escaloni Varela*.

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

**1.37280.-      Acta Anterior**

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de xuño de 2026.

**2.37281.-      BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO DEPORTE DE ALTO NIVEL E AO TALENTO DEPORTIVO DA PROVINCIA NO ANO 2026 VINCULADAS AO RECOÑECIMENTO DAS CATEGORÍAS PROVINCIAIS DEPO DAN, DEPO DAN+ E DEPO TALENTO. (Expte.2026010733)**

**Antecedentes:**

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2026.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda, en data 28 de abril de 2026, dispuxo o inicio do expediente para a tramitación da convocatoria de axudas da Deputación de Pontevedra ao deporte de alto



nivel e ao talento deportivo da provincia no ano 2026 vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ e DEPO\_TALENTO.

Terceiro.- En data 08 de xuño de 2026 emitíuse o informe xustificativo relativo á convocatoria das axudas da Deputación de Pontevedra ao deporte de alto nivel e ao talento deportivo da provincia no ano 2026 vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ e DEPO\_TALENTO.

Cuarto.- A Intervención da Deputación fiscalizou favorablemente, en data 11 de xuño de 2026, as bases reguladoras para a concesión de axudas da Deputación de Pontevedra ao deporte de alto nivel e ao talento deportivo da provincia no ano 2026 vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ e DEPO\_TALENTO.

#### Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, esta actuación enmárcase no exercicio das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de cooperación, asistencia e promoción de actividades de interese provincial, así como no apoio ás persoas e entidades que contribúen ao desenvolvemento deportivo da provincia. Así mesmo, resulta coherente co marco normativo vixente en materia deportiva, no que se recoñece a relevancia do deporte de alto nivel, do deporte de rendemento e da promoción da práctica deportiva como ámbitos de interese público.

En particular, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, recoñécese a importancia do deporte de alto nivel e promóvese o seu fomento, así como a participación das e dos deportistas, clubs, profesionais da arbitrase e do adestramento, persoal técnico deportivo e demais axentes do sistema deportivo nas competicións deportivas. Pola súa banda, na Lei 3/2012, de 2 de abril, do



deporte de Galicia, recóllese entre os seus principios xerais a promoción do deporte de competición e de alto nivel. Así mesmo, no Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia,ponse de manifesto a necesidade de articular medidas que faciliten a compatibilidade da preparación e da competición deportiva co desenvolvemento integral das persoas vinculadas ao alto nivel deportivo.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de axudas da Deputación de Pontevedra ao deporte de alto nivel e ao talento deportivo da provincia no ano 2026 vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ e DEPO\_TALENTO.

As axudas reguladas nestas bases teñen como finalidade contribuír á preparación, progresión, participación competitiva e desenvolvemento técnico das persoas beneficiarias, no marco da estratexia provincial da Deputación de Pontevedra vinculada á provincia do deporte.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrência non competitiva, ao non resultar necesarias a comparación nin a prelación das solicitudes presentadas. A concesión efectuarase mediante a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases e a asignación da axuda que corresponda en función dos resultados deportivos acreditados, co límite do crédito dispoñible.



O procedemento respectará os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- A contía total destinada a estas axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3400.481.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de cincocentos mil euros (500.000 €).

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as Bases reguladoras para a concesión de axudas da Deputación de Pontevedra ao deporte de alto nivel e ao talento deportivo da provincia no ano 2026 vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ e DEPO\_TALENTO, co seguinte texto literal:

*“Bases reguladoras para a concesión de axudas da Deputación de Pontevedra ao deporte de alto nivel e ao talento deportivo da provincia no ano 2026 vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ e DEPO\_TALENTO*

*O deporte constitúe unha actividade de interese público polo seu impacto na saúde, na educación, na cohesión social, na igualdade de oportunidades e na transmisión de valores*



*individuais e colectivos. Dentro desta realidade, o deporte de alto nivel e o talento deportivo representan unha expresión especialmente cualificada do esforzo, da disciplina, da constancia, da superación persoal e da excelencia, ao tempo que contribúen a proxectar a provincia de Pontevedra no ámbito deportivo autonómico, estatal e internacional.*

*O alto nivel deportivo comporta elevadas cotas de exigencia non só no plano estritamente deportivo, senón tamén nos ámbitos familiar, formativo, laboral, económico e social. A preparación continuada, os adestramentos, as concentracións, as competicións, os desprazamentos e a necesidade de dispoñer de medios técnicos e materiais adecuados supoñen unha dedicación intensa que, en moitas ocasións, dificulta a compatibilización da práctica competitiva co desenvolvemento do resto dos planos vitais das persoas vinculadas ao sistema deportivo.*

*Neste contexto, os poderes públicos deben articular medidas de apoio que permitan acompañar nas distintas etapas do progreso deportivo, desde os primeiros momentos de detección e consolidación do talento ata o máximo rendemento competitivo, sen esquecer a atención necesaria ás transicións persoais, académicas, profesionais e deportivas. Estas medidas deben ser proporcionadas ás necesidades propias de cada idade, modalidade, nivel de exigencia e momento da traxectoria deportiva.*

*A Deputación de Pontevedra, no marco da súa estratexia provincial vinculada á provincia do deporte, ten como obxectivo recoñecer e apoiar o labor das persoas deportistas que acadan resultados destacados, así como daquelas que se atopan nunha etapa de especial proxección e desenvolvemento. Así mesmo, considera necesario poñer en valor o traballo das adestradoras e adestradores, das xuízas e xuíces, e das árbitras e árbitros, cuxa dedicación técnica, formativa, organizativa e de garantía da competición resulta imprescindible para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e para a consolidación dun sistema deportivo provincial máis sólido, inclusivo e competitivo.*

*A través desta liña de actuación, a Deputación de Pontevedra continúa apoiando o deporte de alto nivel e o talento deportivo da provincia, reforzando unha política pública orientada a evitar que as dificultades económicas, materiais ou organizativas poidan constituír unha barreira para a progresión deportiva. Con este obxectivo, estas bases regulan a concesión de axudas vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ e DEPO\_TALENTO, destinadas ás persoas que cumpran os requisitos previstos nelas.*

*Desde o punto de vista competencial, esta actuación enmárcase no exercicio das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de cooperación, asistencia e promoción de actividades de interese provincial, así como no apoio ás persoas e entidades que contribúen ao*



*desenvolvemento deportivo da provincia. Así mesmo, resulta coherente co marco normativo vixente en materia deportiva, no que se recoñece a relevancia do deporte de alto nivel, do deporte de rendemento e da promoción da práctica deportiva como ámbitos de interese público.*

*En particular, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, recoñécese a importancia do deporte de alto nivel e promóvese o seu fomento, así como a participación das e dos deportistas, clubs, profesionais da arbitrase e do adestramento, persoal técnico deportivo e demais axentes do sistema deportivo nas competicións deportivas. Pola súa banda, na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, recóllese entre os seus principios xerais a promoción do deporte de competición e de alto nivel. Así mesmo, no Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, ponse de manifesto a necesidade de articular medidas que faciliten a compatibilidade da preparación e da competición deportiva co desenvolvemento integral das persoas vinculadas ao alto nivel deportivo.*

*Por todo o anterior, a Deputación de Pontevedra convoca no ano 2026 estas axudas destinadas a apoiar o deporte de alto nivel e o talento deportivo da provincia, vinculadas ao recoñecemento das categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ e DEPO\_TALENTO, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes,*

#### **BASES**

##### **Primeira. Obxecto**

*Estas bases teñen por obxecto regular, no ano 2026, a concesión das axudas da Deputación de Pontevedra destinadas a apoiar o deporte de alto nivel e o talento deportivo da provincia, vinculadas ao recoñecemento da categoría deportiva provincial DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ ou DEPO\_TALENTO.*

*As axudas reguladas nestas bases teñen como finalidade contribuír á preparación, progresión, participación competitiva e desenvolvemento técnico das persoas beneficiarias, no marco da estratexia provincial da Deputación de Pontevedra vinculada á provincia do deporte.*

##### **Segunda. Persoas beneficiarias**

*Poderán beneficiarse das axudas reguladas nestas bases as persoas físicas nadas na provincia de Pontevedra ou empadroadas nela, polo menos, desde o 1 de xaneiro de 2025, que acrediten os resultados deportivos e as demais condicións esixidas nestas bases para acceder ás axudas*





*vinculadas ás categorías provinciais DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ ou DEPO\_TALENTO da Deputación de Pontevedra no ano 2026, de acordo cos requisitos específicos que se indican a continuación:*

**I. DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+**

*Para acceder ás categorías provinciais DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+, as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:*

- a) Estar recoñecidas coa condición de alto nivel de Galicia, no caso de deportistas, técnicas e técnicos, adestradoras e adestradores, xuízas e xuíces, e árbitras e árbitros, de conformidade co Decreto 165/2020, de 17 de setembro, ou coa condición de deportista de alto nivel do Estado no momento da presentación da solicitude.*
- b) Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva, na condición de deportista, adestradora ou adestrador, xuíza ou xuíz, árbitra ou árbitro, segundo corresponda.*
- c) Non estar a cumprir, no momento da presentación da solicitude, ningunha sanción disciplinaria deportiva ou administrativa firme pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, ou por dopaxe.*

**II. DEPO\_TALENTO**

*Para acceder á categoría provincial DEPO\_TALENTO, as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:*

- a) Nacer entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2014, ambos incluídos.*
- b) A condición da categoría DEPO\_TALENTO poderá recoñecérselles só ás e aos deportistas.*
- c) Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva, na condición de deportista, segundo corresponda.*
- d) Acreditar que no ano 2025 acadaron un dos tres primeiros postos nun campionato de España ou participaron nun campionato de Europa ou do mundo nos termos establecidos nestas bases.*
- e) Non estar a cumprir, no momento da presentación da solicitude, ningunha sanción disciplinaria deportiva ou administrativa firme pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, ou por dopaxe.*

*Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas persoas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da LXS.*

*As persoas solicitantes declararán, coa presentación da solicitude, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, sen prexuízo das comprobacións que poida realizar a Deputación.*



### *Terceira. Financiamento*

*A contía total destinada a estas axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3400.481.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de cincocentos mil euros (500.000 €).*

*Esta cantidade poderase incrementar nun máximo dun 25 % do importe total, de acordo coas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*

*O importe deste aumento dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Este incremento deberá publicarse antes da resolución de concesión nos mesmos medios que a convocatoria e indicaranse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.*

*De ningún modo a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases ou, de ser o caso, nas súas posibles modificacións.*

### *Cuarta. Réxime xurídico*

*As subvencións reguladas nestas bases tramitaranse en réxime de concorrencia non competitiva, ao non resultar necesarias a comparación nin a prelación das solicitudes presentadas. A concesión efectuarase mediante a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases e a asignación da axuda que corresponda en función dos resultados deportivos acreditados, co límite do crédito dispoñible.*

*O procedemento respectará os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.*

*O procedemento rexerase por estas bases; pola LXS; pola LSG; pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra vixente; e pola normativa xeral de procedemento administrativo común e de réxime xurídico do sector público.*





*Así mesmo, no relativo á ordenación da actividade físico-deportiva, ao deporte de alto nivel, ao alto rendemento deportivo, ao rendemento deportivo de base e ao réxime das entidades e axentes deportivos, será de aplicación a normativa deportiva estatal e autonómica vixente, así como as disposicións regulamentarias e demais normas de desenvolvemento que resulten pertinentes.*

*En todo o non previsto nas normas anteriores, aplicaranse de forma supletoria as restantes disposicións do ordenamento xurídico que resulten pertinentes.*

#### **Quinta. Tipos de axuda**

*As axudas reguladas nesta base concédense no ano 2026 en atención aos méritos deportivos acreditados polas persoas solicitantes durante o ano 2025, como ano inmediatamente anterior ao da convocatoria.*

*Establécense os seguintes tipos e contías de axuda:*

#### **Grupo A. Axudas vinculadas á categoría provincial DEPO\_DAN**

| <b>Axudas</b> | <b>Importe</b> | <b>Mérito deportivo acreditado</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|---------------|----------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>A1</b>     | <b>2.400 €</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Para deportistas: 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato do mundo.</li><li>▪ Para técnicas/os ou adestradoras/es: resultado equivalente acadado pola persoa deportista ou equipo adestrado.</li><li>▪ Para xuízas/xuíces ou árbitras/os: designación e participación oficial na final, partido final, proba final ou fase decisiva equivalente dun campionato do mundo.</li></ul> |
| <b>A2</b>     | <b>1.500 €</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Para deportistas: do 4.º posto en diante no campionato do mundo ou 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa.</li><li>▪ Para técnicas/os ou adestradoras/es: resultado equivalente acadado pola persoa deportista ou equipo adestrado.</li></ul>                                                                                                                           |
|               |                | <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Para xuízas/xuíces ou árbitras/os: designación e participación oficial nun campionato do mundo, ou na final, partido final, proba final ou fase decisiva equivalente dun campionato de Europa.</li></ul>                                                                                                                                                                       |



|    |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|----|---------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A3 | 1.080 € | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: do 4.º posto en diante no campionato de Europa ou 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de España.</li> <li>▪ Para técnicas/os ou adestradoras/es: resultado equivalente acadado pola persoa deportista ou equipo adestrado.</li> <li>▪ Para xuízas/xuíces ou árbitras/os: designación e participación oficial nun campionato de Europa, ou na final, partido final, proba final ou fase decisiva equivalente dun campionato de España.</li> </ul> |
| A4 | 600 €   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: do 4.º posto en diante no campionato de España ou 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato galego.</li> <li>▪ Para técnicas/os ou adestradoras/es: resultado equivalente acadado pola persoa deportista ou equipo adestrado.</li> <li>▪ Para xuízas/xuíces ou árbitras/os: designación e participación oficial nun campionato de España, ou na final, partido final, proba final ou fase decisiva equivalente dun campionato galego.</li> </ul>       |

**Grupo A+:** Axudas para persoas con discapacidade física, intelectual ou visual vinculadas á categoría provincial DEPO\_DAN+

| Axudas | Importe | Mérito deportivo acreditado                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|--------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A+1    | 3.300 € | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato do mundo.</li> <li>▪ Para técnicas/os ou adestradoras/es: resultado equivalente acadado pola persoa deportista ou equipo adestrado.</li> <li>▪ Para xuízas/xuíces ou árbitras/os: designación e participación oficial na final, partido final, proba final ou fase decisiva equivalente dun campionato do mundo.</li> </ul>                                                                                |
| A+2    | 2.200 € | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: do 4.º posto en diante no campionato do mundo ou 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa.</li> <li>▪ Para técnicas/os ou adestradoras/es: resultado equivalente acadado pola persoa deportista ou equipo adestrado.</li> <li>▪ Para xuízas/xuíces ou árbitras/os: designación e participación oficial nun campionato do mundo, ou na final, partido final, proba final ou fase decisiva equivalente dun campionato de Europa.</li> </ul> |



|     |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|-----|---------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A+3 | 1.650 € | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: do 4.º posto en diante no campionato de Europa ou 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de España.</li> <li>▪ Para técnicas/os ou adestradoras/es: resultado equivalente acadado pola persoa deportista ou equipo adestrado.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                      |
|     |         | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para xuízas/xuíces ou árbitras/os: designación e participación oficial nun campionato de Europa, ou na final, partido final, proba final ou fase decisiva equivalente dun campionato de España.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                   |
| A+4 | 1.100 € | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: do 4.º posto en diante no campionato de España ou 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato galego.</li> <li>▪ Para técnicas/os ou adestradoras/es: resultado equivalente acadado pola persoa deportista ou equipo adestrado.</li> <li>▪ Para xuízas/xuíces ou árbitras/os: designación e participación oficial nun campionato de España, ou na final, partido final, proba final ou fase decisiva equivalente dun campionato galego.</li> </ul> |

**III. Grupo B: Axudas vinculadas á categoría provincial DEPO\_TALENTO**

| Axudas | Importe | Mérito deportivo acreditado                                                                                                                                            |
|--------|---------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| B1     | 1.380 € | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato do mundo.</li> </ul>                                                    |
| B2     | 920 €   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: do 4.º posto en diante no campionato do mundo ou 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa.</li> </ul>  |
| B3     | 575 €   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Para deportistas: do 4.º posto en diante no campionato de Europa ou 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de España.</li> </ul> |

**Normas que se deben ter en conta:**

- Para que unha competición poida ser considerada como campionato do mundo, de Europa, de España ou de Galicia deberá tratarse dunha competición oficial, recoñecida pola federación deportiva correspondente, incluída no calendario oficial e destinada a outorgar o título de campioa ou campión do mundo, de Europa, de España ou de Galicia da modalidade, especialidade, proba ou categoría correspondente.



- *No caso de copas, ligas, circuítos, series mundiais, series europeas, ránkings ou outras competicións compostas por varias probas ao longo da tempada, só poderá valorarse como resultado equivalente a campionato do mundo, de Europa, de España ou de Galicia o posto obtido na clasificación xeral ou final da competición, cando esta sexa a que determine oficialmente a condición de campioa ou campión, subcampioa ou subcampión, ou terceira clasificada ou terceiro clasificado do ámbito correspondente. O resultado obtido nunha proba individual integrada nunha destas competicións non terá, por si só, a consideración de campionato, aínda que a súa denominación inclúa referencias coma “Copa do Mundo”, “World Cup”, “Series Mundiais”, “Copa de Europa” ou similares; nestes casos, poderá ser valorado como mérito deportivo obtido nunha competición de alto nivel, coa equivalencia que determine o servizo instrutor atendendo á súa oficialidade, ámbito territorial, relevancia federativa, nivel competitivo, sistema de acceso ou clasificación, número e nivel das persoas participantes e importancia da proba dentro do calendario da modalidade.*
- *Tamén poderán valorarse competicións internacionais ou nacionais que, aínda que non sexan as que se designan oficialmente como campionato do mundo, de Europa, de España ou de Galicia, estean incluídas nos calendarios oficiais e sexan recoñecidas como probas de alto nivel pola federación correspondente, pola súa relevancia deportiva, nivel competitivo, tradición, participación ou impacto na modalidade, coma o Tour de Francia ou a Vuelta a España. Nestes casos, o servizo instrutor analizará a competición e poderá propoñer motivadamente a súa equiparación a algún dos niveis de axuda previstos nestas bases ou, de non concorreren elementos suficientes, a súa non valoración.*
- *Excepcionalmente, poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que contén coa categoría de alto nivel da Deputación de Pontevedra e que concorran nalgunha das seguintes circunstancias de baixa:*
  - *Que tivesen unha baixa deportiva por unha lesión debidamente xustificada durante a maior parte da temporada 2025 e acadasen os resultados para acreditar o nivel deportivo (a lesión deberá ter unha duración mínima de 6 meses).*
  - *Que estivesen en período de xestión ou de baixa por nacemento no ano 2025 e acadasen os resultados para acreditar o nivel deportivo.*
  - *En calquera dos casos anteriores, o resultado debe corresponderse cos 12 meses inmediatamente anteriores á baixa deportiva, maternal ou de xestión, e, en todo caso, será o servizo instrutor o que valide os feitos dependendo das características do deporte.*
- *O servizo instrutor poderá invalidar un campionato se o considera insuficiente; isto dependerá das características do deporte, de se existen fases previas, do número de participantes e doutras circunstancias.*



#### *Sexta. Lugar de presentación de solicitudes*

*As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.*

*Opcionalmente, as solicitudes tamén poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

*Unicamente se admitirá unha solicitude por solicitante. No caso de que unha mesma persoa puidese acceder ás axudas por máis dunha condición, modalidade, resultado ou categoría provincial, só poderá obter unha única axuda, sen que sexa posible a acumulación de importes. Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).*

#### *Sétima. Prazo de presentación de solicitudes*

*O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles e comezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*

#### *Oitava. Comprobación de datos*

*Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:*

- *NIF das persoas solicitantes.*
- *Certificado de nacemento das persoas solicitantes.*
- *Certificación de residencia das persoas solicitantes.*

*Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.*

*No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.*

#### *Novena. Documentación*

*As persoas interesadas deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:*

- *Certificado deportivo (anexo I) emitido polas federacións no que se especifique o mellor resultado deportivo obtido no ano 2025.*
- *Libro de familia ou certificado electrónico do Rexistro civil correspondente (só para as e os deportistas DEPO\_TALENTO menores de 14 anos que non teñan DNI/NIE).*



- Certificado médico (só nos supostos recollidos no apartado de baixa, no que se especifiquen a duración desta e o motivo).
- Documento acreditativo de representación, en caso de que a solicitude non a presente a persoa solicitante.

*A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a presentación do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.*

*Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas*  
*Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.*

*Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.*

*A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian empregar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:*

*<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>*

#### *Décimo primeira. Notificacións*

*As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas*





*se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).*

*As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e a través de <https://dehu.redsara.es/>. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.*

*As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

#### *Décimo segunda. Procedemento de concesión*

*O procedemento de concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, ao non resultar necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas.*

*A concesión efectuarase mediante a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases e a valoración do resultado deportivo acreditado pola persoa solicitante, que determinará o tipo de axuda, o importe correspondente e o recoñecemento da categoría provincial DEPO\_DAN, DEPO\_DAN+ ou DEPO\_TALENTO que proceda.*

*En ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o crédito máximo dispoñible para esta convocatoria.*

*No caso de que o crédito dispoñible sexa insuficiente para outorgar o importe íntegro das axudas que correspondan conforme a estas bases, aplicarase un rateo entre as persoas beneficiarias ata cubrir o crédito dispoñible.*

*No caso contrario, se unha vez calculadas as axudas conforme aos tipos e importes previstos nestas bases non se esgotase o crédito dispoñible da convocatoria, o remanente poderá distribuírse entre as persoas beneficiarias mediante un incremento adicional da axuda inicialmente correspondente. Este incremento terá un carácter igual para todas as persoas beneficiarias, sen que, en ningún caso, a axuda individual poida incrementarse por enriba do 25 % da contía inicialmente asignada segundo o tipo de axuda que corresponda, nin superarse o crédito máximo dispoñible da convocatoria.*



#### *Décimo terceira. Instrución do procedemento*

*A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes e comprenderá as seguintes fases:*

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.*
- Informe-proposta do servizo instrutor da relación de solicitudes, tipo de axuda e a súa contía. Así mesmo, incluírase unha relación das solicitudes que non cumpran os requisitos establecidos e as razóns da súa desestimación.*
- Fiscalización dos expedientes por parte de Intervención.*
- Proposta de resolución provisional. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe-proposta, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada coa súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra; establecerase un período de dez (10) días naturais desde o mesmo día da súa publicación para presentar alegacións ou renunciar á axuda proposta.*
- Informe-proposta sobre as alegacións ou renunciias.*
- Proposta de resolución definitiva. Examinadas as alegacións e as posibles renunciias, no seu caso, formularase a proposta de resolución definitiva, que incluírá a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para quen se propón a concesión da axuda, e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos deste rexeitamento. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.*
- Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.*

#### *Décimo cuarta. Resolución do procedemento*

*A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instrutor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.*

*O acto de resolución do procedemento publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación, segundo o establecido no artigo 45 da LPACAP.*

*Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra, [www.depo.gal](http://www.depo.gal).*

*O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima as persoas*



*interesadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.*

***Décimo quinta. Compatibilidade e incompatibilidade***

*Estas axudas serán compatibles con premios ou axudas económicas recibidas durante o ano 2026 procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados (galegos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais), coa única excepción daquelas axudas para deportistas concedidas por outras administracións provinciais, coas que serán incompatibles. En calquera caso, manterase a obriga de comunicarlle ao órgano concedente a súa obtención.*

***Décimo sexta. Pagamento***

*Unha vez notificadas as axudas concedidas, procederase ao pagamento da axuda ás persoas beneficiarias por transferencia bancaria.*

*As persoas beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

*No momento da concesión das axudas ás e aos deportistas, deberanse ter en conta as retencións do IRPF, se as houbese.*

***Décimo sétima. Obrigas das persoas beneficiarias***

*As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas da LSG. Concretamente, durante este exercicio e o seguinte deberán:*

- Cumprir e aceptar todo o estipulado nestas bases.*
- Participar e colaborar coa Deputación na promoción do deporte e da actividade física na provincia, se esta o requirise, co fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas.*
- Asistir á Gala do Deporte organizada pola Deputación de Pontevedra.*
- Someterse ás actuacións de comprobación, así como a calquera outra que puidesen efectuar os órganos de control competentes, para o cal presentarán canta información se lles requira no exercicio das actuacións correspondentes.*

***Décimo oitava. Transparencia e bo goberno:***

*De conformidade co establecido na normativa de transparencia e bo goberno e no artigo 15 da LSG, a Deputación de Pontevedra publicará na súa páxina web a relación oficial de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Inclúirá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros*



*públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.*

#### ***Décimo novena. Devolución e reintegro***

*As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:*

- Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
- Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

#### ***Vixésima. Órgano de aprobación***

*De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2026 e no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.*

#### ***Vixésimo primeira. Dereito supletorio***

*Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*

#### ***Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria***

*Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.*

*Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.*

#### ***Vixésimo terceira. Protección de datos***

*Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalos, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.*

*A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.*



*Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.*

*As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccionde-datos/exercicio-de-dereitos>."*

**3.37282.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026 (Expte. 2025060809)**

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2026. Estas bases reguladoras foron modificadas na Xunta de Goberno de 26 de decembro de 2025, ampliándose en corenta mil euros o crédito das mesmas.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-2º establece que se poderán incluír no Plan investimentos



en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada a través do Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica. Así mesmo, no caso dos investimentos plurianuais, o investimento pode estar adxudicado.

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 07/05/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de NIGRÁN, CIF: P3603500D, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 91.140,98 euros, con destino ao financiamento da achega municipal do exercicio 2026 ao convenio de colaboración subscrito entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán para a execución da actuación "P.A.I VAL MIÑOR 15 MINUTOS-NIGRÁN" (Expdte 2026024784).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Unha vez concedida a subvención realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Consonte a base décima do convenio subscrito entre ambas administracións, a licitación, adxudicación, execución e recepción dos traballos contemplados no P.A.I VAL MIÑOR 15 MINUTOS dentro do proxecto no termo municipal de Nigrán e os relativos á AUF, correspóndelle a Deputación de Pontevedra.
- Notificar o presente acordo ao concello de Nigrán e darlle traslado á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



**9.37288.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO” (Expte.2026005031)**

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 29/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026005483), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 265.386,95 euros, con destino ao financiamento “MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO E ACONDICIONAMENTO DE APARCADOIRO”, cun orzamento por importe de 265.386,95 euros.

En data 30/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026025304), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de VILAGARCÍA DE AROUSA na que reformula a petición salientada no parágrafo anterior e solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 134.756,24 euros, con destino ao financiamento “MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO”, cun orzamento por importe de 134.756,24 euros, modificando a solicitude referida no parágrafo anterior, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO € | SUBVENCIÓN € | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS € | FONDOS PROPIOS € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2026       | 134.756,24  | 134.756,24   | 0,00                              | 0,00             |

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA (P3606000B), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 134.756,24 euros, co obxecto do financiamento do investimento "MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN AQUILINO





IGLESIA ALVARIÑO" (exp.2026005031), cuxo orzamento ascende a 134.756,24 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO   | SUBVENCIÓN  | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS | FONDOS PROPIOS CONCELLO |
|------------|-------------|-------------|---------------------------------|-------------------------|
| 2026       | 134.756,24€ | 134.756,24€ | 0,00€                           | 0,00€                   |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.37289.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026 E 2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DE CARÁCTER BIANUAL "CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIOCULTURAL EN ACEVEDO" (Expte. 2026025765)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.



- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2026, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación mediante rexistro WEB2026027437, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de OIA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención, por importe de 302.850,49 euros, (distribuída en dúas anualidades correspondendo 150.000,00 á anualidade 2026 e 152.850,49 euros á anualidade 2027) co obxecto do financiamento da actuación "CONSTRUCCION DUN CENTRO SOCIOCULTURAL EN ACEVEDO", quedando configurada a súa petición tal e como se indica na seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO  | SUBVENCIÓN PLAN +<br>PROVINCIA 2026-2027 | FONDOS PROPIOS |
|------------|------------|------------------------------------------|----------------|
| 2026       | 150.000,00 | 150.000,00                               | 0,00           |
| 2027       | 152.850,49 | 152.850,49                               | 0,00           |
| TOTAL      | 302.850,49 | 302.850,49                               | 0,00           |

- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-2º establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica. Así mesmo, no caso dos investimentos plurianuais, o investimento pode estar adxudicado.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras Administracións Públicas nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de OIA, CIF: P3603600B, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 302.850,49 euros, distribuída en dúas anualidades, correspondendo 150.000,00 á anualidade 2026 e 152.850,49 euros á anualidade 2027, co obxecto do



financiamento da actuación “CONSTRUCCION DUN CENTRO SOCIOCULTURAL EN ACEVEDO” (exp.: 2026025765), cuxo orzamento ascende a 302.850,49 euros (anualidade 2026 e 2027), quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO  | SUBVENCIÓN PLAN +<br>PROVINCIA 2026-2027 | FONDOS PROPIOS |
|------------|------------|------------------------------------------|----------------|
| 2026       | 150.000,00 | 150.000,00                               | 0,00           |
| 2027       | 152.850,49 | 152.850,49                               | 0,00           |
| TOTAL      | 302.850,49 | 302.850,49                               | 0,00           |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 na que existe crédito para facer fronte á anualidade 2026 e para o que se emitiu o correspondente documento RC. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente Plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O investimento subvencionado (anualidade 2027), deberá estar executado o 31/12/2028 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2029 O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de OIA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



**11.37290.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026-2027), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ACHEGA PLAN EXTRA 2025 AMPLIACIÓN E MELLORA DO ENTORNO DO CEMITERIO DE BARCIA DE MERA" (Expte. 2026025780)**

**ANTECEDENTES**

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao Concello de Covelo unha subvención por importe de 500.000,00 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento "Achega Plan Extra 2025 \_ Ampliación e mellora do entorno do cemiterio de Barcia de Mera" (Expte.2026025780), cuxo orzamento total ascende á contía de 601.139,51 euros e a achega municipal fíxase en 101.139,51 euros.
- Con data 01/04/2026, con rexistro WEB2026027424 (rectificado en data 04/06/2026 con rexistro WEB2026048295), o Concello de Covelo solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan +Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 101.139,51 euros distribuída en dúas anualidades. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 da actuación "Achega Plan Extra 2025 \_ Ampliación e mellora do entorno do cemiterio de Barcia de Mera" (Expte.2026025780), en base a un orzamento polo importe de 601.139,51 euros.

Deste modo, a petición do Concello de Covelo queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento    | Subvención Plan Extra 2025 | Subvención Plan + Provincia 2026-2027 |             |
|--------------|----------------------------|---------------------------------------|-------------|
| 601.139,51 € | 500.000,00 €               | anualidade 2026                       | 34.333,82 € |
|              |                            | anualidade 2027                       | 66.805,69 € |
| TOTAL        |                            | 101.139,51 €                          |             |





- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación nos seguintes expedientes:
  - o Expte.:2025072588: Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025 (Covelo)
  - o Expte.:2025061321: Convocatoria do subvencións de concorrência competitiva Plan Extra 2025.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a



presentar aquela documentación que xa conste no servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/06/2026, da Intervención provincial, de data 15/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Covelo (P3601300A), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidades 2026 e 2027) unha subvención por importe de 101.139,51 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Achega Plan Extra 2025 \_ Ampliación e mellora do entorno do cemiterio de Barcia de Mera*" (Expte.:2026025780), cun orzamento por importe de 601.139,51 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento    | Subvención Plan Extra 2025 | Subvención Plan + Provincia 2026-2027 |             |
|--------------|----------------------------|---------------------------------------|-------------|
| 601.139,51 € | 500.000,00 €               | anualidade 2026                       | 34.333,82 € |
|              |                            | anualidade 2027                       | 66.805,69 € |
| TOTAL        |                            | 101.139,51 €                          |             |

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada ás resolucións favorables da Consellería de Sanidade e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, así como a aportación do acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

- A anualidade 2026 autorízase e comprométese o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Polo que respecta á anualidade 2027, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2027/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2027 e á existencia de crédito adecuado para este fin.



- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan provincia extraordinaria 2025 - Plan extra 2025, aprobado por acordo plenario núm. 4.8493 de 30/09/2025 (BOPPO nº 189 do 03/10/2025), agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Covelo, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.37291.- AUTORIZAR A REFORMULACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DE VIAIS NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA”, CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1 INVESTIMENTOS (Expte.2025020624)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

En data 09/05/2025, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 21.35193, concedeuse ao concello de Vilanova de Arousa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 163.153,07 euros, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DE VIAIS NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA” (Expte. 2025020624), en base a un orzamento polo importe de 165.153,07 euros.

En data 04/05/2026 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2026038346, instancia do concello de Vilanova de Arousa na que solicita o cambio de proxecto para levar a cabo o investimento mencionado ut supra.

O Concello expoñe que considérase necesario á súa reformulación co fin de mellorar a execución da actuación subvencionada, mantendo en todo caso a finalidade e características esenciais do investimento, esta reformulación non supón modificación do obxecto nin do orzamento previsto inicialmente.

A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo do servizo de Cooperación cos Municipios.



**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:****I.- NORMATIVA EXAMINADA**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

**II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS****INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE**

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

**PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES**

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que sinala que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, antes de que se inicie a licitación do proxecto da actuación subvencionada e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/05/2026, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto reformulado, e do informe da Intervención Provincial, de data 09/06/2026 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a reformulación do proxecto técnico e de execución da obra “MELLORA DE VIAIS NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA” (Expte.2025020624), financiada ao abeiro do Plan +Provincia 2025 Liña 1 investimentos, presentado en data 04/05/2026 con rexistro WEB2026038346, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, nin o importe do orzamento e subvención concedida.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vilanova de Arousa, a Intervención, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.





**13.37292.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DURACIÓN DO PROXECTO ERASMUS+ 2025  
(Expte.2024080811)**

A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión ordinaria do día 29 de agosto de 2025 adopta, entre outros, o acordo de aprobación e xeración de crédito do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2025 do programa Erasmus+.

Con data 3 de outubro de 2025 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas. O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2024 ata ao 31 de agosto de 2025. Con todo, ao cabo de 12 meses, poderíase ampliar ata unha duración total de 24 meses, de acordo ao sinalado na Guía do Programa Erasmus+, que forma parte integrante da Convocatoria de Propostas 2025 do Programa Erasmus+.

Con data 14 de maio de 2026 a dirección do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) emitiu unha comunicación de apertura do proceso para solicitar a ampliación da duración a 24 meses dos proxectos acreditados KA121VET, Convocatoria 2025.

Con data 21 de maio de 2026 presentouse a solicitude de ampliación da duración do proxecto Erasmus+ 2025 asinada polo presidente da Deputación. Dita solicitude foi aceptada polo SEPIE segundo a notificación recibida de data 9 de xuño de 2026 con nº de rexistro 2026012421, na que se confirma a modificación da duración do proxecto de 15 a 24 meses, establecéndose, polo tanto, como data de finalización o 31 de maio de 2027.

Visto o informe do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 9 de xuño de 2026 propoñendo a aprobación da ampliación da duración de 15 a 24 meses do proxecto Erasmus+ 2025.

Vista a dilixencia de Intervención de data 12 de xuño de 2026 na que sinala que a dita ampliación non está suxeita a fiscalización previa ao non implicar ningunha modificación económico-orzamentaria.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a ampliación da duración de 15 a 24 meses do proxecto Erasmus+ 2025, establecéndose como data de finalización o 31 de maio de 2027, de conformidade coa solicitude aprobada polo SEPIE.



**14.37293.- APROBACIÓN DAS CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "RÍAS BAIXAS ACCIÓN", ANO 2026. (Expte.2026009880)**

**Antecedentes:**

Primeiro.- Dentro do ámbito competencial provincial, esta Deputación desenvolve diferentes liñas de apoio a actividades culturais, artísticas e promocionais no uso da lingua galega que teñan lugar na provincia.

As actividades de promoción do sector audiovisual revisten un especial interese tanto polo seu obxecto coma pola súa repercusión mediática nos medios de comunicación, polo que é un medio especialmente idóneo para publicitar a provincia e de aí a importancia de apoiar economicamente este tipo de eventos.

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades impulsan o desenvolvemento económico e social da nosa provincia polo que encaixan cos obxectivos de promoción cultural e turística desta entidade e supón importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global, o que xustifica o interese desta entidade no patrocinio deste tipo de actividades na provincia de Pontevedra, a cal ofrece un escaparate único de promoción turística, social, económica e cultural.

Terceiro.- O art. 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, establece que "un contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índoles, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador".

Cuarto.- Coa presente convocatoria, a entidade provincial, renova a liña de actuación para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais, co obxectivo de levar a cabo actuacións de promoción cultural e turística na provincia de Pontevedra e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia en relación con proxectos audiovisuais ou obras de animación en galego que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra, sobre a base dos principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade e eficiencia da utilización dos recursos públicos.



Quinto.- Visto o informe favorable de Intervención de data 20 de marzo de 2026.

**Fundamentos xurídicos e técnicos:**

**Primeiro.- Lexislación aplicable**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade.
- Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Pola súa banda a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte e no seu artigo 109.1 d), determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, no seu art. 22 establece que “un contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índoles, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador”.



Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as Condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais na provincia de Pontevedra “Rías Baixas Acción”, que figuran no expediente co CSV: 39BD12BNZY790PKO e que son do seguinte teor:

**“CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “RÍAS BAIXAS ACCIÓN”, ANO 2026**

Dentro do ámbito competencial provincial, a Deputación de Pontevedra desenvolve diferentes liñas de apoio a actividades culturais, artísticas e promocionais no uso da lingua galega que teñan lugar na provincia.

As actividades de promoción do sector audiovisual revisten un especial interese tanto polo seu obxecto coma pola súa repercusión mediática, debido a que a proxección de produtos audiovisuais implica unha programación de difusión en diferentes medios, televisión, cines ou festivais, que pode acadar, en certos casos e segundo o éxito do filme, proxección internacional, polo que é un medio especialmente idóneo para publicitar a provincia, de aí a importancia de apoiar economicamente este tipo de eventos.

De conformidade co establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades, que principalmente se levan a cabo en escenarios localizados na provincia (a cal conta con numerosos recursos naturais e patrimoniais) e que impulsan o desenvolvemento económico e social da nosa provincia, encaixa cos obxectivos de promoción cultural e turística desta entidade e supón importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global, o que xustifica o interese da Deputación no



patrocinio destas actividades na provincia de Pontevedra, a cal ofrece un escaparate único de promoción turística, social, económica e cultural.

Co fin de cumprir os obxectivos descritos, esta convocatoria revelouse desde a súa primeira edición no 2021 como un instrumento útil para o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia; proba disto é a produción de 29 longametraxes e curtametraxes, rodadas na provincia de Pontevedra, que contaron coa colaboración da Deputación.

No artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, establécese que “un contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador”.

Nesta liña, ademais, preténdeselle dar un impulso a este programa mediante o aumento da dotación económica dispoñible e as producións audiovisuais obxecto de colaboración. Deste xeito, este ano o orzamento dispoñible auméntase ata os cento setenta mil euros (170.000,00 €).

Por todo o exposto, a entidade provincial, con esta convocatoria, renova a liña de actuación para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito das producións audiovisuais, co obxectivo de levar a cabo actuacións de promoción cultural e turística na provincia de Pontevedra e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia en relación con proxectos audiovisuais ou obras de animación en galego que melloren a visibilidade e a notoriedade desta provincia, sobre a base dos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade e eficiencia na utilización dos recursos públicos.

#### Primeira. Obxecto:

O obxecto desta regulación é establecer as condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito das producións audiovisuais “Rías Baixas Acción”.

#### Segunda. Ámbito obxectivo:

Esta regulación ofrece a posibilidade de asinar contratos privados de patrocinio para realizar os proxectos audiovisuais previstos nesta base que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra e que reúnan os requisitos previstos nestas condicións xerais.

#### Establécense dúas liñas de actuación:

Liña 1. Para as seguintes modalidades de proxectos audiovisuais ou obras de animación:

- Longametraxes (duración mínima de 60 minutos).
- Curtametraxes.
- Series (duración mínima de 300 minutos).



**Liña 2. Para documentais:**

- Documentais de longa duración (máis de 40 minutos).
- Curtas documentais.
- Pódcasts documentais (duración mínima de 150 minutos).

**Quedan expresamente excluídos deste ámbito:**

- Os vídeos musicais.
- As accións ou actividades de carácter exclusivamente académico, así como as dirixidas ao profesorado ou ao alumnado de centros educativos e á formación de formadoras e formadores.
- Os proxectos ou as actividades que teñan un contido de propaganda política ou relixiosa.
- Os proxectos ou as actividades para os que se solicite patrocinio co fin de facerlles fronte aos gastos relacionados con axudas de custo, representación e honorarios de persoal técnico ou artístico.
- Solicitantes que, unha vez transcorridos os prazos legalmente outorgados, teñan pendentes de xustificar pagos de axudas ou patrocinios concedidos antes da data de peche desta regulación.
- Proxectos ou actividades que recibisen financiamento no ano en curso por parte da Deputación de Pontevedra para a mesma acción.
- As fundacións e as asociacións deportivas, educativas e xuvenís, así como as de alumnado, as de nais e pais e as da veciñanza.
- Non se aceptarán proxectos que inclúan contido discriminatorio de ningún tipo ou enaltezan actitudes violentas.

Así mesmo, exclúense desta regulación os proxectos e as actividades de contido cultural, de mediano ou gran formato, con repercusión social, cultural ou turística de especial relevancia debidamente acreditada con datos de impacto.

**Terceira. Finalidade:**

A finalidade destas condicións xerais é determinar unha canle pública e aberta para solicitar o patrocinio, por parte da Deputación de Pontevedra, de proxectos audiovisuais desenvolvidos por entidades privadas que difundan a imaxe de Pontevedra e que, pola súa importancia, relevancia e repercusión, supoñan unha vía para darlle publicidade á nosa provincia e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na provincia de Pontevedra.

O obxectivo principal desta regulación é promover a industria audiovisual galega, ao crear valor engadido nos seus proxectos a través da adopción das medidas necesarias para posicionalos como un produto cultural capaz de atraer visitantes, proxectar a provincia de Pontevedra como destino, poñer en valor as industrias audiovisuais e creativas e visibilizar boas prácticas que sirvan como referencia para o sector.





#### Cuarta. Ámbito subxectivo:

Poderán solicitar as peticións de patrocinio as persoas físicas (autónomas) ou xurídicas constituídas como produtoras audiovisuais independentes que desenvolvan proxectos de produción audiovisual que, pola súa importancia, relevancia e transcendencia, teñan unha gran repercusión ou retorno publicitario das actividades culturais, artísticas e promocionais que se desenvolvan na provincia.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por “produtora independente” toda persoa física ou xurídica privada que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade na produción audiovisual e non sexa obxecto de influencia dominante por parte dun prestador de servizo de comunicación ou difusión audiovisual nin dun titular dunha canle televisiva privada, nin exerza, pola súa parte, unha influencia dominante, segundo o establecido no artigo 4.n da Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cine.

#### Quinta. Requisitos:

As propostas que se presenten deben reunir os seguintes requisitos:

- A rodaxe realizarase en lingua galega, sen prexuízo de que tamén poida dobrarse ou subtitularse noutras linguas. De forma excepcional, a Comisión Técnica de Valoración poderá incluír como proxectos obxecto de patrocinio aqueles filmes rodados en lingua española que teñan un forte impacto e repercusión provincial (social, cultural ou turística).
- As producións contarán cunha porcentaxe de rodaxe en escenarios da provincia de Pontevedra de, como mínimo, un 50 %. No caso da liña 2, deberán ser proxectos gravados na provincia de Pontevedra ou de temática relacionada con esta.
- Os espazos nos que se desenvolva a rodaxe deberán ser recoñecibles como parte do patrimonio material, inmaterial, natural, social ou histórico da provincia de Pontevedra. No caso de proxectos de animación, onde non existe necesariamente unha rodaxe física no territorio, contarán igualmente con referencias xeográficas ou simbólicas da provincia.
- Os proxectos que opten a esta convocatoria poden estar iniciados no ano 2025 ou en fase de rodaxe e a súa produción audiovisual rematar no ano da convocatoria ou, en todo caso, antes do 30 de setembro do ano seguinte.

#### Sexta. Dotación económica, contías e límites:

A liña de patrocinios “Rías Baixas Acción” imputarase con cargo á aplicación 26/330.3340.226.34 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de cento setenta mil euros (170.000,00 €) ata esgotar o devandito crédito, en dúas liñas de actuación:

- Liña 1..... 100.000,00 €
- Liña 2 ..... 70.000,00 €



Co fin de optimizar os recursos existentes e de poder realizar unha asignación máis equitativa, establécense uns importes máximos do prezo do patrocinio por entidade, que serán:

**Liña 1:**

- Vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), IVE incluído, para o apoio á produción de longametraxes (duración mínima de 60 minutos).
- Tres mil cincocentos euros (3.500,00 €), IVE incluído, para o apoio á produción de curtametraxes (ata 40 minutos) .
- Quince mil euros (15.000,00 €), IVE incluído, para o apoio á produción de series.
- 

**Liña 2:**

- Sete mil euros (7.000,00 €), IVE incluído, para o apoio á produción de documentais de longa duración (duración de máis de 40 minutos).
- Tres mil euros (3.000,00 €), IVE incluído, para o apoio á produción de curtas documentais (ata 40 minutos de duración).
- Tres mil euros (3.000,00 €), IVE incluído, para o apoio á produción de pódcasts documentais.
- O patrocinio máximo por entidade beneficiaria en ningún caso poderá exceder o 50 % do orzamento total do proxecto (incluídos os impostos).

O importe máximo do patrocinio calcularase de acordo cos criterios de valoración recollidos nestas bases. No caso de que nunha liña non se poida repartir todo o orzamento previsto, o importe sobrante incorporarase ao orzamento da outra liña.

A concesión deste patrocinio é compatible con outras axudas que se reciban para o mesmo fin; non obstante, o conxunto de todas elas en ningún caso superará o 100 % do custo do proxecto.

**Sétima. Lugar e forma de presentación de solicitudes:**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).



**Oitava. Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo para presentar as solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación desta disposición no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e rematará o 30 de agosto de 2026.

**Novena. Comprobación de datos:**

Para tramitar as solicitudes consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade solicitante.
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade.
- c. Domicilio fiscal da entidade interesada.
- d. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

**Décima. Documentación:**

Para optar a esta convocatoria, cada entidade poderá presentar unha única solicitude por liña, coa que deberá achegar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do proxecto audiovisual, onde se detalle a seguinte información:
  - Ficha técnica.
  - Produtora.
  - Calendario estimado de produción.
  - Escenarios de rodaxe e/ou porcentaxe de gravación.
  - Lingua empregada, dobraxe ou subtulado etc.
  - Guión ou borrador do mesmo.
  - Calendario estimado de produción.
- Relación do equipo directivo, técnico e elenco actoral ou autoral, no seu caso.
- Traxectoria e historial de premios da directora ou director, da produtora e do elenco actoral ou autoral, no seu caso.
- Plan publicitario: previsión das accións de difusión e publicidade que se levarán a cabo e o seu valor económico en materia de publicidade, mercadotecnia, proxeccións, edicións etc.
- Orzamento total da produción e información relativa á financiación; sinalaranse tamén outros apoios, patrocinios ou colaboracións de entidades públicas ou privadas.



Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas:

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicarláselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que será ditada nos termos do artigo 21 desta lei.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na Sede electrónica da Deputación están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo segunda. Notificacións:

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> e a URL directa <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.



O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Décimo terceira. Procedemento:

O procedemento para a realización de contratos de patrocinios será en réxime de concorrencia competitiva. A valoración e a proposta de contrato respectará a orde de presentación das solicitudes; non obstante, naqueles supostos nos que se lles requira ás entidades solicitantes emendar erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude a data na que o devandito requirimento estea correctamente atendido.

#### Décimo cuarta. Valoración de proxectos:

Para valorar os proxectos, nomearase unha comisión técnica que se encargará de revisar a documentación achegada, a cal estará composta por:

- **Presidente:** o xefe do servizo de Cultura ou a persoa en quen delegue.
- **Vogais:** tres expertas ou expertos de recoñecida traxectoria no sector audiovisual que non teñan relación con ningunha das persoas solicitantes nin vínculo directo cos proxectos que se poidan presentar; e unha técnica ou técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra.
- **Secretaria:** unha funcionaria ou un funcionario do servizo de Cultura, que actuará con voz e sen voto.

Unha vez finalizada a revisión da documentación administrativa, a comisión levará a cabo a valoración individual, na que se terán en conta os datos que figuran no expediente.



A puntuación máxima será de 100 puntos, segundo a valoración técnica obtida dos seguintes criterios obxectivos:

No caso de longametraxes, curtametraxes e series:

- Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra: 30 puntos.
- Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca “Rías Baixas”, así como a percepción por parte do público desta imaxe: ata 20 puntos.
- Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director: ata 10 puntos.
- Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual: ata 10 puntos.
- Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco actoral: ata 10 puntos.
- Promoción da igualdade e con análise da existencia de paridade de xénero no equipo técnico e no elenco actoral: ata 10 puntos.
- Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión: igualdade, inclusión, sostibilidade etc.: ata 10 puntos.

Para os proxectos de animación:

- Representación de escenarios da provincia de Pontevedra: ata 30 puntos.
- Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca “Rías Baixas”, así como a percepción por parte do público desta imaxe: ata 30 puntos.
- Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director: ata 10 puntos.
- Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual: ata 10 puntos.
- Promoción da igualdade e con análise da existencia de paridade de xénero no equipo técnico: ata 10 puntos.
- Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión: igualdade, inclusión, sostibilidade etc.: ata 10 puntos.

No caso dos documentais e pódcasts:

- Contido e rigor informativo: veracidade da información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque; ata 30 puntos.
- Calidade técnica: imaxe, son e montaxe; ata 30 puntos.
- Gravación na provincia de Pontevedra ou de temática relacionada con esta; ata 10 puntos.
- Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca “Rías Baixas”, así como a percepción por parte do público desta imaxe; ata 10 puntos.
- Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra; ata 10 puntos.
- Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual; ata 10 puntos.





**Décimo quinta. Informe de valoración:**

Unha vez finalizada a revisión da documentación administrativa e do cumprimento dos requisitos esixidos na base quinta, a comisión emitirá un informe favorable para propoñer a realización dun contrato de patrocinio condicionado á compatibilidade cos valores e coa imaxe institucional do programa e á difusión de ámbito supraprovincial, o que inclúe actuacións promocionais e de difusión ou presentación do filme.

O limiar mínimo para acceder ao patrocinio será do 50 % da puntuación no conxunto dos criterios cualitativos obxecto de valoración.

O informe-proposta favorable para adxudicar o contrato de patrocinio deberá conter o importe do patrocinio proposto pola comisión, que se establecerá en función da puntuación obtida, segundo os criterios de valoración previstos na base anterior:

**Para longametraxes:**

De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 10.000,00 €

De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 12.000,00 €

De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 15.000,00 €

De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 20.000,00 €

De 83 a 100 puntos: patrocinio máximo de 25.000,00 €

**Para curtametraxes:**

De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €

De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €

De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €

De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.500,00 €

**Para series:**

De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 6.000,00€

De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 8.000,00 €

De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 10.000,00 €

De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 12.000,00 €

De 83 a 90 puntos: patrocinio máximo de 15.000,00 €

**Para documentais de longa duración:**

De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00€

De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €



De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 4.000,00 €

De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 5.000,00 €

De 83 a 100 puntos: patrocinio máximo de 7.000,00 €

Para curtas documentais:

De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 1.500,00 €

De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €

De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €

De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €

Para pódcasts documentais:

De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 1.500,00 €

De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €

De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €

De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €

O devandito importe máximo modularase conforme á valoración que realice a comisión técnica segundo os datos que figuran no expediente e a valoración do retorno publicitario de cada produción audiovisual, tendo en conta o prestixio, a traxectoria e o historial de premios da dirección, da produtora e do elenco de actrices e actores, de acordo co previsto na base décimo cuarta destas condicións xerais.

Se, tras aplicar os criterios de valoración, dúas ou máis solicitudes obtivesen a mesma puntuación e non fose posible adxudicarlles o patrocinio a todas elas por esgotarse o crédito dispoñible, para o desempate terá preferencia aquela que teña unha maior porcentaxe de autofinanciamento. De persistir o empate, resolverase tendo en conta a data e a hora de presentación da solicitude.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa cantidade máxima prevista na base sexta, o crédito esgotarase nela coa cantidade de axuda que resulte.

Décimo sexta. Adxudicación e formalización do patrocinio:

Finalizado o proceso de valoración, a Comisión Técnica redactará unha acta na que se recollan o resultado da puntuación obtida e o importe máximo establecido para o patrocinio de cada produción audiovisual.

Do contido da acta daráselle conta ao órgano competente para posteriormente tramitar os correspondentes contratos de patrocinio para cada un dos proxectos seleccionados ata esgotar o crédito dispoñible.



O órgano de contratación adxudicará o contrato privado e a súa posterior formalización, no cal constarán as obrigas de ambas as partes, as contraprestacións que recibirá a Deputación de Pontevedra, a forma de xustificar o patrocinio en función das características da produción audiovisual e o réxime de incumprimentos.

**Décimo sétima. Xustificación e pagamento:**

A chegada da Deputación de Pontevedra farase efectiva unha vez finalizada a acción obxecto de patrocinio e coa presentación por parte da entidade da seguinte documentación:

- A factura correspondente.
- Unha memoria explicativa da actividade desenvolvida, con especial referencia ao cumprimento dos requisitos de carácter obrigatorio e a aqueles tidos en conta para seleccionar o proxecto.
- Unha memoria das actuacións de difusión e a acreditación documental desta. En todas as accións de difusión, publicidade ou propaganda dos proxectos deberá constar a colaboración da Deputación de Pontevedra.

A devandita documentación presentarse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), a través do módulo habilitado no menú: Servizos> Factura electrónica> Cargar factura.

**Décimo oitava. Transparencia:**

Os contratos de patrocinio publicitario que se asinen en virtude destas condicións xerais estarán sometidos ao réxime de publicidade establecido en materia de contratación pública.

**Décimo novena. Protección de datos:**

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento, segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>."

15.37294.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 7004 ALTO DA CRUZ-SANTELES, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 2+325 E DENDE O P.Q. 3+700 AO P.Q. 5+500. CONCELLO DE A ESTRADA". (Expte. 2026010349)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 7004 ALTO DA CRUZ-SANTELES que percorre o termo municipal de A Estrada pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.488 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a unha intervención integral destinada á mellora da seguridade e da funcionalidade da mesma nos treitos comprendidos entre os P.Q. 0+000 ao 2+325 e do 3+700 ao 5+500, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria redáctase polo enxeñeiro D. César Paredes Rodríguez en data xaneiro 2026 o proxecto "Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello de A Estrada".



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro César Paredes Rodríguez, adscrito ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello de A Estrada”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 431.787,91 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZII53LNL6KZZ4KLS.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello de A Estrada”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12026000057554 por importe de 431.787,91 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/05/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello de A Estrada”, redactado polo enxeñeiro César Paredes Rodríguez, adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 431.787,91 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZII53LNL6KZZ4KLS.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 3RQU7TB079Q9V8B8, informe da Secretaria Xeral da Deputación no que se recolle o seguinte: “... Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 60TBX94VE9H70VQ2, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se*



*poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente..."*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: "A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante"

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que "Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante."

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: "Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..."

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: " A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto..."

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei





reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello de A Estrada"* cun orzamento base de licitación de 431.787,91 € IVE engadido de acordo co seguinte detalle:

|                    |              |
|--------------------|--------------|
| Importe .....      | 356.849,51 € |
| IVE (21%) .....    | 74.938,40 €  |
| Importe Total..... | 431.787,91 € |

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): SMU3067WOH4ACC69, e de prescricións técnicas con código (CSV) ZII53LNL6KZZ4KLS, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 431.787,91 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

16.37295.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO ACORDO MARCO QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DUN SOFTWARE DE XESTIÓN DE CONTROL DE PRESENZA PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte. 2025077417)

Actualmente, moitos dos municipios da provincia de Pontevedra carecen dunha ferramenta unificada e robusta para a xestión e o control de presenza dos seus empregados. Esta situación dá lugar á utilización de métodos heteroxéneos e, en moitos casos, manuais ou descentralizados (como rexistros en papel, follas de cálculo locais ou solucións software inconexas), que dificultan a obtención de datos fiables, unificados e en tempo real á vez que non dispoñen de cumprimento normativo.



Co obxectivo de dar resposta a esta problemática, a Deputación de Pontevedra a través do presente acordo marco pon a disposición dos concellos da provincia unha solución de software integral para a xestión do control de presenza.

A implantación desta solución contribuirá a modernizar a administración municipal, incrementar a eficiencia dos procesos de xestión de persoal e ofrecer as máximas garantías de legalidade e rigor tanto para as administracións como para os empregados públicos.

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente esta contratación xa que non conta con persoal especializado nesa materia. En canto á opción de ampliar o equipo actual da Deputación para prestar este servizo hai que considerar que ca externalización conseguiríase un servizo de soporte técnico cuns tempos de resolucións de incidencias moi precisos, algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

Non existen actualmente programas de titularidade doutras Administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no art. 157 da Lei 40/2015. Realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) sendo o resultado infrutuoso.

En base ao exposto o Deputado delegado en materia de Novas Tecnoloxías e Contratación, ditou providencia de inicio solicitando a contratación dun acordo marco que rexerá o sistema dun software de xestión de control de presenza para as entidades locais da provincia de Pontevedra. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 28/04/2026, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun acordo marco mixto de subministro e servizo sendo a presentación principal a de servizo, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 11 de maio de 2026, informa favorablemente o expediente.



Resultando que a Intervención, con data 5 de xuño de 2026 emite informe favorable.

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: US8JMCKXJ89JS7EG), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun acordo marco mixto de subministro e servizo sendo a presentación principal a de servizo e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, por concorrer as circunstancias do artigo 131.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do acordo marco que rexerá o sistema dun software de xestión de control de presenza para as entidades locais da provincia de Pontevedra.

O Acordo Marco concluírase cunha única empresa, e fixará todos os termos, condicións e prezos unitarios que rexerán os contratos derivados que se podan adxudicar durante a súa vixencia, sen nova licitación. A contía total dos servizos que se vaian a prestar ao abeiro deste acordo marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades de cada entidade local.



Os contratos derivados poderán celebrarse entre a empresa coa que se subscriba o Acordo Marco e as entidades locais da provincia de Pontevedra que ostenten esta condición segundo o disposto no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e que estén adheridas ou soliciten a adhesión a Oficina Tecnolóxica de asistencia aos concellos (OTAC), que serán as encargadas de adxudicalos.

O acordo marco terá unha duración de 4 anos contados desde a súa formalización en tanto que os contratos derivados que poderán adxudicarse polas entidades locais da provincia interesadas durante a vixencia do Acordo Marco, fixarán o prazo concreto de duración, o cal deberá formularse en meses, sen que poda ser inferior a 12 meses e sen que poda superar o período de vixencia do acordo marco.

O acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que se adxudiquen ao abeiro deste acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do acordo marco.

Non obstante, a efectos informativos, establécese un orzamento máximo estimado para o conxunto de contratos derivados que se poidan adxudicar durante a vixencia do acordo marco, que se adecúa aos prezos do mercado, por importe de 3.344.217,36€ (Ive engadido) para os catro anos de duración do acordo marco.

Os prezos unitarios máximos deste acordo marco son os seguintes:

-Prezo da cota anual de pago por uso da solución:

| COTA ANUAL DE PAGO POR USO DA SOLUCIÓN<br>PARA CADA TIPO DE ENTIDADE LOCAL EN FUNCIÓN<br>DO SEU NÚMERO DE USUARIOS | Importe máximo<br>(€ sen IVE) | IVE 21%    | IMPORTE<br>MÁXIMO (€<br>con IVE) |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|------------|----------------------------------|
| Entidades locais con ata 30 usuarios                                                                               | 1.254,00 €                    | 263,34 €   | 1.517,34 €                       |
| Entidades locais desde 31 ata 60 usuarios                                                                          | 2.772,00 €                    | 582,12 €   | 3.354,12 €                       |
| Entidades locais desde 61 ata 90 usuarios                                                                          | 4.158,00 €                    | 873,18 €   | 5.031,18 €                       |
| Entidades locais desde 91 ata 120 usuarios                                                                         | 5.544,00 €                    | 1.164,24 € | 6.708,24 €                       |
| Entidades locais de máis de 120 usuarios                                                                           | 6.930,00 €                    | 1.455,30 € | 8.385,30 €                       |



-Prezo ofertado para a cota anual de pago por uso para os dispositivos físicos asociados á solución (en euros):

| TIPO DE DISPOSITIVO                                                                            | Importe máximo anual (sen IVE) | IVE 21%  | IMPORTE MAXIMO ANUAL (con IVE) |
|------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|----------|--------------------------------|
| Terminal de fichaxe para autenticación mediante Código + PIN                                   | 594,00 €                       | 124,74 € | 718,74 €                       |
| Terminal de fichaxe para autenticación mediante Código + PIN + Tarxeta de proximidade RFID     | 660,00 €                       | 138,60 € | 798,60 €                       |
| Terminal de fichaxe para autenticación mediante DNle                                           | 726,00 €                       | 152,46 € | 878,46 €                       |
| Terminal de fichaxe para autenticación mediante Código + PIN + Baliza de proximidade integrada | 660,00 €                       | 138,60 € | 798,60 €                       |
| Baliza de localización física independente para fichaxe mediante aplicación móbil localizada   | 264,00 €                       | 55,44 €  | 319,44 €                       |
| Tarxeta SIM para integrar en terminal de fichaxe                                               | 198,00 €                       | 41,58 €  | 239,58 €                       |

2.-Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV KKYQQ2N3JHBQ7MGG) e de prescricións técnicas (CSV: 1F19ZBDCCR1IP7HK) que rexerán dita contratación.

3.- Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



**17.37296.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA DRENAXE E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8004 CALDAS DE REIS-VILANOVIÑA, TREITO ANTIGO DA AZUCREIRA. CONCELLO DE PORTAS". (Expte. 2025071496)**

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que o treito antigo da Azucreira da estrada E.P. 8004 CALDAS DE REIS-VILANOVIÑA que percorre o termo municipal de Portas pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que nun total de 850 metros de lonxitude do mencionado treito antigo da estrada, a drenaxe existente ten deficiencias, existindo tubaxes soterradas en mal estado e elementos en superficie con deterioro, sufrindo desbordamento de auga no inverno o que supón problemas para a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanoviña, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas", cun orzamento base de licitación de o proxecto de 541.717,58 € IVE Engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 4DBSKBTST67VQY6S.





Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanoviña, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000011556 por importe de 541.717,58 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 15 de maio de 2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanoviña, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas”, redactado pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 541.717,58 € IVE Engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 4DBSKBTST67VQY6S.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: PCHE2LZ08KMMOJ0A informe da Secretaria Xeral da Deputación que recolle o seguinte: *“...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...”*

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: MFGVI8T850A6EDK6 informe de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: *“... Bótase en falta a existencia unha planificación xeral das prioridades de actuación para a mellora da rede viaria provincial, a efectos de xustificar máis axeitadamente e en función de criterios obxectivos e programáticos a elección e orde de execución das actuacións a levar a cabo. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada*



*subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *"Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas de Reis-Vilanoviña, treito antigo da Azucreira. Concello de Portas"* cun orzamento base de licitación de 541.717,58 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:  
Importe ..... 447.700,48 euros  
IVE (21%) ..... 94.017,10 euros  
Importe Total..... 541.717,58 euros
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): MWBQYU7YZEMASECG, e de prescricións técnicas con código (CSV) 4DBSKBTST67VQY6S, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe 541.717,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

18.37297.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA, VIAJES HALCÓN, S.A.U. PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA "+ BENESTAR 2026" PARA A AMPLIACIÓN DO NUMERO DE PRAZAS OFERTADAS. (Expte.2025009307)

Resultando que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR, cun orzamento base de licitación total de 221.700,00€, para un total de 2.127 prazas.

O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- A Deputación subvencionará 2.097 prazas de réxime xeral con 100 euros o que resulta un total de 209.700,00€.
- E 30 prazas, de réxime especial, as subvencionará con 400,00 euros, o que resulta un total de 12.000,00€.



- As persoas usuarias pagarán a cantidade resultante de descontar do importe de adxudicación o importe que subvenciona a Deputación de Pontevedra.

Resultando que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día acordou a adxudicación do contrato do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa programa + BENESTAR 2026-2030 a empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) polos seguintes prezos unitarios por persoa participante para cada un dos 7 establecementos:

| NOME DO ESTABLECEMENTO |                               | Tipoloxía:<br>Balneario ou<br>Talaso | Categoría do<br>establecemento | PREZO UNITARIO<br>POR PERSOA |
|------------------------|-------------------------------|--------------------------------------|--------------------------------|------------------------------|
| 1                      | Gran Hotel Talaso Sanxenxo    | Talaso                               | 4* S                           | 434,00 €                     |
| 2                      | Spa Carlos I Silgar           | Spa                                  | 4* S                           | 434,00 €                     |
| 3                      | Talaso Hotel Louxo La Toja    | Talaso                               | 4* S                           | 429,00 €                     |
| 4                      | Hotel Spa Galatea             | Spa                                  | 4*                             | 405,00 €                     |
| 5                      | Hotel Marina and Spa          | Spa                                  | 4*                             | 405,00 €                     |
| 6                      | Hotel Spa Norat Torre do Deza | Spa                                  | 4*                             | 399,00 €                     |
| 7                      | Hotel Spa Norat O Grove       | Spa                                  | 3*                             | 377,00 €                     |
| 8                      | Hotel Spa Nuevo Astur         | Spa                                  | 3*                             | 375,00 €                     |

Resultando que con data 6 de febreiro de 2026, formalizouse o contrato coa empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) cunha duración de un ano e posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración.

Resultando que con data 3 de xuño de 2026 a Xefa do Servizo de Benestar Social emite informe (CSV: A9P635IR07KKG6HF) onde manifesta que rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no programa o número total de persoas solicitantes é de 4.390 persoas das que 4.316 pertencen ao réxime xeral e 74 ao réxime especial, polo que solicita a ampliación do contrato por un importe total de 44.300,00 € de acordo coa seguinte distribución:

- Ampliación de 323 prazas do réxime xeral, subvencionadas con 100 € o que resulta un importe de 32.300,00 €.
- Ampliación de 30 prazas do réxime especial, subvencionadas con 400 € o que resulta un importe de 12.000,00 €.

Resultando que con data 9 de xuño de 2026 pola intervención emítese documento RC por importe de 44.300,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2026/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.



Resultando que a empresa Viajes Halcón SAU mediante escrito que tivo entrada no rexistro da Deputación WEB2026047179 manifesta a súa conformidade coa modificación e acredita a viabilidade e capacidade suficiente para dar cobertura a un incremento de 323 prazas de réxime xeral e 30 prazas de réxime especial totalizando un incremento de 363 prazas distribuídas entres os 8 establecementos hoteleiros participantes no programa.

Considerando que de conformidade co artigo 190 da LCSP, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

Considerando que segundo o artigo 203 da LCSP, os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204.
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando que o artigo 204 LCSP establece que os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares se tivese advertido desa posibilidade, na forma e co contido seguinte:

- a) A cláusula de modificación deberá esta formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- b) Así mesmo, con respecto ao seu contido a cláusula de modificación deberá precisar con detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza, as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva, e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

Considerando que o prego de cláusulas económico-administrativas que rexe a contratación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + Benestar 2026, na cláusula 18 establece a posibilidade de modificación de acordo co seguinte:



*"De acordo co disposto no artigo 204 da LCSP, poderá modificarse o contrato, sendo estas modificacións obrigatorias para a empresa contratista cando por razóns de interese público sexa necesario incrementar o número de prazas.*

*A modificación do contrato non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.*

*A modificación do contrato tramitarase e formalizarase nos termos previstos no artigo 203 e seguintes, no artigo 153 e publicaranse de conformidade co previsto no artigo 63 e 207 da LCSP.*

*As posibles modificacións non crearán ningún dereito nin expectativa de negocio a favor da empresa adxudicataria.*

*As causas obxectivas que poderían dar lugar a tramitación dun modificado son as seguintes:*

*-A necesidade de aumentar o número de beneficiarios en función da demanda de prazas.*

*Se poderá alcanzar o modificado cando:*

*-Cando exista unha baixa de adxudicación con respecto ao orzamento de licitación previsto.*

*-Se autorice o gasto para facer fronte a modificación.*

*O importe máximo das modificacións non poderá superar o 20 % do prezo inicial ".*

Considerando que coa finalidade de garantir os principios de publicidade e transparencia que deben rexer a contratación pública, de conformidade cos artigos 191 e 207 LCSP, deberá darse audiencia á empresa contratista e publicarse o anuncio de modificación no perfil do contratante, no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma.

Considerando o disposto no artigo 109.3 LCSP, deberá de reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días dende a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Considerando que de conformidade co previsto na Disposición adicional 2ª de LCSP, nos artigos 3 e 4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, resultan preceptivos os informes da Secretaría e Intervención.

Visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación co visto e prace da Secretaría e da intervención que conclúe o seguinte "... *podería levarse a cabo a modificación solicitada de acordo coas seguintes consideracións:*

*A modificación está prevista no prego de cláusulas económico-administrativas e a súa causa é a necesidade de aumentar o número de beneficiarios ao existir un número de solicitantes (4.390 solicitudes) superior ao número máximo de prazas previstas no programa (2.127 prazas).*





*O importe da modificación é de 44.340,00 € e polo tanto non supera o 20% do prezo inicial do contrato (221.700,00 €).*

*Deberán emitirse os informes correspondentes por parte da Secretaría Xeral e da Intervención. Seguidamente a proposta de modificación deberá someterse a aprobación por parte do órgano de contratación competente que neste caso é a Xunta de Goberno.*

*A empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) deberá incrementar a garantía depositada por importe de 2.217,00 €."*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación da modificación do contrato de Xestión, desenvolvemento e execución do programa + Benestar 2026, adxudicado a empresa Viajes Halcon, S.A.U, para a ampliación do número total de prazas ofertadas de acordo coa seguinte distribución:

-Ampliación de 323 prazas do réxime xeral, subvencionadas con 100 € o que resulta un importe de 32.300,00 €.

-Ampliación de 30 prazas do réxime especial, subvencionadas con 400 € o que resulta un importe de 12.000,00 €.

A modificación do contrato, en ningún caso poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

2.- Autorizar o gasto por importe de 44.300,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2026/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

3.- Requirir a empresa *Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510)* para que, no prazo de quince días naturais dende o día seguinte a notificación do presente acordo, proceda a ampliación da garantía definitiva depositada por importe de 2.217,00 €.



19.37298.- DAR CONTA DA SUCESIÓN DA CONTRATISTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.U. A NATURGY CLIENTES EMPRESAS, S.A.U., POR ESCISIÓN DE RAMA DE ACTIVIDADE. (Exptes. 2023021435, 2025019841).

Vistos os escritos presentados por Naturgy Clientes Empresas, S.A.U., con Rexistro entrada WEB2026049275, de 9 de xuño de 2026, comunicando a operación de escisión da rama de actividade da comercialización de enerxía e servizos no segmento industrial e terciario de Gas Natural Comercializadora, S.A.U. (CIF: A61797536), que pasa a integrarse na sociedade Naturgy Clientes Empresas. S.A.U. (CIF: A08431090). A escisión non implica cambios na conta bancaria a efectos de facturación, tratamento de datos persoais nin canles de atención ao cliente.

Resultando que, como consecuencia desta operación, Naturgy Clientes Empresas, S.A.U. subrogase integramente nos dereitos e obrigacións de Gas Natural Comercializadora, S.A., nas relacións contractuais afectas á rama de actividade escindida.

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de abril de 2024, adxudicou o contrato de *"Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra"* a Gas Natural Comercializadora, S.A.U. (exp. 2023021435), polos prezos e valores ofertados.

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2025, adxudicoulle tamén o *"Contrato baseado para a subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra"* (exp. 2025019841), como adxudicataria do lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP, polos prezos e valores ofertados.

Considerando o artigo 98 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que regula os supostos de sucesión do contratista, conforme ao cal nos supostos de escisión, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse ao adxudicación. Ditos requisitos cómprense por parte da sociedade beneficiaria.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido



da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Dar conta da sucesión da contratista Gas Natural Comercializadora, S.A.U. (CIF: A61797536) a Naturgy Clientes Empresas, S.A.U. (CIF: A08431090), por escisión da rama de actividade de comercialización de enerxía e servizos no segmento industrial e terciario.

Como consecuencia desta operación, Naturgy Clientes Empresas, S.A.U. sucede universalmente a Gas Natural Comercializadora, S.A.U., con efectos desde o 1 de xuño de 2026, nos dereitos e obrigacións derivados dos contratos e dos expedientes de licitación en curso coa presente Administración e, en particular, dos seguintes:

- o *"Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra"* (exp. 2023021435) e
- o *"Contrato baseado para a subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra"* (exp. 2025019841).

Os datos da sociedade beneficiaria da escisión aos efectos de facturación e cobros son os seguintes:

Naturgy Clientes Empresas, S.A.U.  
Domicilio social: Avenida de América, Nº 38, Madrid.  
NIF: A-08431090

A escisión non implica cambios na conta bancaria, tratamento de datos persoais nin canles de atención ao cliente.

**20.37299.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CULTURAL AMIGOS DA GAITA PARA A SUBVENCIÓN "LIÑA 1: EVENTO CULTURAL AMIGOS DA GAITA" DO CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025 (Expte.2025045271)**

**Antecedentes:**

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as "bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025" (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.



Segundo.- En data 08 de xuño de 2025, Maximino Piñeiro Padín, en representación da ASOC. CULTURAL AMIGOS DA GAITA (NIF: G94073079) presenta solicitude para “Liña 1: Evento Cultural Amigos da Gaita”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 500,00€.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOC. CULTURAL AMIGOS DA GAITA, do concello de Cangas de Morrazo (NIF: G94073079) unha subvención de 375,00 € para “Liña 1: Evento Cultural Amigos da Gaita” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 20 de maio de 2026 e número de rexistro WEB2026043790, a ASOC. CULTURAL AMIGOS DA GAITA de Cangas de Morrazo, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por estar na memoria da actividade a data de celebración incorrecta.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 28 de maio de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC. CULTURAL AMIGOS DA GAITA (NIF: G94073079) documento con CSV: ZT70BFDIJH7BLUSX.

#### Fundamentos:

##### Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións



se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOC. CULTURAL AMIGOS DA GAITA (NIF: G94073079) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 375,00 € para a realización da actividade da “Liña 1: Evento Cultural Amigos da Gaita” (documento co CSV:BX59RS0U4RZLPKAN).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

21.37300.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. UMIA VIVO PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: XORNADA POSTA EN VALOR PATRIMONIO MONTE XIABRE” DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (Expte. 2025046933)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 09 de xuño de 2025, Xosé María Rodríguez Castro, en representación da ASOC UMIA VIVO (NIF: G94154457) presenta solicitude para “Liña 1: Xornada Posta en Valor Patrimonio Monte Xiabre”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.520,00€ (sen IVE).

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOC. UMIA VIVO, do concello de Caldas de Reis (NIF: G94154457) unha subvención de 557,81 € para “Liña 1: Xornada Posta en Valor Patrimonio Monte Xiabre” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 18 de maio de 2026 e número de rexistro WEB2026043094, a ASOC UMIA VIVO de Caldas de Reis, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque a elaboración da documentación, material utilizado e guía da visita foi aportado e realizado de xeito desinteresado e voluntario por socios da asociación, polo que non procede emitir facturas xustificativas das gastos da actividade.





Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 28 de maio de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC. UMIA VIVO (NIF: G94154457) documento con CSV: WY5ULSXX55CU0VW7.

**Fundamentos:**

**Primeiro.- Lexislación aplicable:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valoración do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa



finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOC UMIA VIVO (NIF:G94154457) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 557,81 € para a realización da actividade da “Liña 1: Xornada Posta en Valor Patrimonio Monte Xiabre” (documento co CSV: PEEZOR3AFQB0A170).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



**22.37301.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CHARANGA OS CHARAMUJAS PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS E VESTIARIO” DO CONCELLO DE MOS, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025 (Expte. 2025067131)**

**Antecedentes:**

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 07 de outubro de 2025 Manuel Ferreira Campo, en representación da ASOCIACIÓN CHARANGA OS CHARAMUJAS (NIF: G27730233) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos e vestuario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.466,41 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN CHARANGA OS CHARAMUJAS, do concello de Mos (NIF: G27730233) unha subvención de 336,80 € para “Adquisición de instrumentos e vestuario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 19 de maio de 2026 e número de rexistro WEB2026043641, a ASOCIACIÓN CHARANGA OS CHARAMUJAS de Mos, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por falta de liquidez.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 28 de maio de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CHARANGA OS CHARAMUJAS (NIF: G27730233) documento con CSV: RRTVIHF6IOWIGIYL.

**Fundamentos:**

**Primeiro.- Lexislación aplicable:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).



- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de



plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN CHARANGA OS CHARAMUJAS (NIF: G27730233) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 336,80 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos e vestuario” (documento co CSV: VHSTMDP8BD5C4BNQ).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

23.37302.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN RONDALLA CLUB SANTIAGUIÑO DE GUIZAN PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS E VESTUARIO” DO CONCELLO DE MOS, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025. (Expte.2025067133)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 07 de outubro de 2025 Manuel Ferreira Campo, en representación da ASOCIACIÓN RONDALLA CLUB SANTIAGUIÑO DE GUIZAN (NIF: G27824978) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos e vestuario”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 4.482,14 €.



Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOCIACIÓN RONDALLA CLUB SANTIAGUIÑO DE GUIZAN, do concello de Mos (NIF: G27824978) unha subvención de 842,00 € para “Adquisición de instrumentos e vestuario” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 19 de maio de 2026 e número de rexistro WEB2026043651, a ASOCIACIÓN RONDALLA CLUB SANTIAGUIÑO DE GUIZAN de Mos, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por falta de liquidez.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 28 de maio de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN RONDALLA CLUB SANTIAGUIÑO DE GUIZAN (NIF: G27824978) documento con CSV: UQM0GE44LFUM5IIZ.

#### Fundamentos:

##### Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.





Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN RONDALLA CLUB SANTIAGUIÑO DE GUIZAN (NIF: G27824978) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 842,00 € para a realización da actividade “Adquisición de instrumentos e vestiario” (documento co CSV:UF8FE390CSY3LENG).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

24.37303.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE CHAN DO MONTE, DO CONCELLO DE VILABOA. (Expte. 2025015143)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

**“ANTECEDENTES:**

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Comunidade de usuarios de Chan do monte, do concello de Vilaboa con CIF G36528800, concedéronse 10.000,00 euros. Sen embargo, en data 28/05/2026 mediante rexistro WEB2026045990 renuncia formalmente á subvención concedida.



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde



a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobranter que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

#### Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que,



persónandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

## CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 28/05/2026, a Comunidade de usuarios de Chan do monte, do concello de Vilaboa con CIF G36528800 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026045990) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propoño:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios de Chan do monte, do concello de Vilaboa con CIF G36528800, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

## Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación,  
Marcos Areán González "

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 28/05/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 11/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios de Chan do monte, do concello de Vilaboa con CIF G36528800, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

**25.37304.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE MOSTEIRO BUDIÑO, DO CONCELLO DE O PORRIÑO. (Expte. 2025015195)**

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

**"ANTECEDENTES:**

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)", publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.





Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Comunidade de usuarios de Mosteiro Budiño, do concello de O Porriño con CIF G36305381, concedéronse 10.000,00 euros. Sen embargo, en data 02/06/2026 mediante rexistro WEB2026047377 renuncia formalmente á subvención concedida.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidos nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrante que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

#### Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.



- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluído o procedemento, agás que, persónandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

## CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 02/06/2026, a Comunidade de usuarios de Mosteiro Budiño, do concello de O Porriño con CIF G36305381 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026047377) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios de Mosteiro Budiño, do concello de O Porriño con CIF G36305381, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).



2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

#### Réxime competentencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación,  
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 02/06/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 11/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios de Mosteiro Budiño, do concello de O Porriño con CIF G36305381, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.



**26.37305.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE AUGAS PARA USOS DOMÉSTICOS SEIXO BLANCO, DO CONCELLO DE VIGO. (Expte.2025015393)**

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

**"ANTECEDENTES:**

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)", publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de "concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)", a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Comunidade de augas para usos domésticos Seixo Blanco, do concello de Vigo con CIF G36794907, concedéronse 10.000,00 euros. Sen embargo, en data 03/06/2026 mediante rexistro WEB2026047803 renuncia formalmente á subvención concedida.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).



- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrance que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total





subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

#### Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento, agás que, persónandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.



## CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 03/06/2026, a Comunidade de augas para usos domésticos Seixo Blanco, do concello de Vigo con CIF G36794907 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026047803) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propoño:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de augas para usos domésticos Seixo Blanco, do concello de Vigo con CIF G36794907, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

### Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación,  
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 11/06/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 11/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de augas para usos domésticos Seixo Blanco, do concello de Vigo con CIF G36794907, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

#### **27.37306.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Expte. 2026047343) (TESOURERÍA)**

Vista a relación de operacións con número 2026047343 (CSV: ULLUKLBWWOIIZIUC), que contén 1 operación por un importe de 517,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |          |
|--------------------------------|----------|
| Importe orzamentario .....     | 517,00 € |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €   |
| Retencións .....               | 0,00 €   |
| Total líquido.....             | 517,00 € |



**28.37307.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2026046766, 2026047925, 2026047392, 2026047911, 2026047650)**

a) Vista a relación de operacións con número 2026046766 (CSV: 4PIZ5ZWW40OHUP6D) que contén 11 operacións por un importe de 33.068,39 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |             |
|--------------------------------|-------------|
| Importe orzamentario .....     | 33.068,39 € |
| IVE soportable deducible ..... | 595,52 €    |
| Retencións .....               | 30,00 €     |
| Total líquido.....             | 33.068,39 € |

...

b) Vista a relación de operacións con número 2026047925 (CSV: 4SZAFG475555K000), que contén 1 operacións por un importe de 240,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |          |
|--------------------------------|----------|
| Importe orzamentario .....     | 240,00 € |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €   |
| Retencións .....               | 0,00 €   |
| Total líquido.....             | 240,00 € |

...

c) Vista a relación de operacións con número 2026047392 (CSV: UQKP4VM0RI6O6CR7) que contén 1 operación por un importe de 907,50 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |          |
|--------------------------------|----------|
| Importe orzamentario .....     | 907,50 € |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €   |
| Retencións .....               | 0,00 €   |
| Total líquido.....             | 907,50 € |

...



d) Vista a relación de operacións con número 22026047911 (CSV: 5JVCQKQVNAM24SM6), que contén 1 operación por un importe de 639,76 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |          |
|--------------------------------|----------|
| Importe orzamentario .....     | 639,76 € |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €   |
| Retencións .....               | 0,00 €   |
| Total líquido.....             | 639,76 € |

....

e) Vista a relación de operacións con número 2026047650 (CSV: 4U8D3KJED2C28DXI) que contén 1 operación por un importe de 663,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |          |
|--------------------------------|----------|
| Importe orzamentario .....     | 786,50 € |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €   |
| Retencións .....               | 123,50 € |
| Total líquido.....             | 663,00 € |

29.37308.- COMUNICACIÓNS: non houbo.

30.37309.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo.

31.37310.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

